

**Terra#LAB**, impulsado polo equipo de Novos Cinemas, o Festival Internacional de Cinema de Pontevedra, é un espazo de asesoramento e orientación deseñado para impulsar o desenvolvemento de proxectos cinematográficos de longametraxe (ficción, non- ficción, experimental, animación, cinema ensaio...) de cineastas noveis. O laboratorio busca estimular e fortalecer proxectos en fase de desenvolvemento, facilitando ferramentas clave para a súa profesionalización e xerando un foro de aprendizaxe continuo.

A próxima edición do Terra#LAB celebrarase en Pontevedra entre o 8 e o 11 de decembro de 2026.

## **OBXECTIVOS**

- Acompañar proxectos en fase de desenvolvemento, brindando apoio na escritura, procura de apoios, preproducción e deseño de audiencias.
- Favorecer a interacción entre cineastas emerxentes e axentes da industria, fomentando redes de colaboración.
- Dotar as persoas participantes das competencias necesarias para defender os seus proxectos con éxito.
- Potenciar a diversidade e a representatividade no sector audiovisual.
- Fomentar a circulación e visibilidade dos proxectos, tanto a nivel nacional como internacional.

## **REQUISITOS**

- Convocarase un mínimo de sete prazas, dando prioridade aos proxectos galegos.
- Os proxectos enviados deberán ser primeiras ou segundas longametraxes e atoparse en fase de escritura, desenvolvemento ou preproducción.
- A convocatoria está aberta a proxectos de carácter rexional, nacional e internacional, sen restricións xeográficas.
- A documentación poderá presentarse en galego, castelán ou inglés.

- A inscrición realizarase a través do cumprimento da Ficha de Inscrición aloxada na web do festival: [\[ligazón da web\]](#).
- Deberá presentarse un dossier de máximo 8 páxinas con información sobre o proxecto que conteña a seguinte información:
  - Sinopse e tratamento do proxecto.
  - Nota de intención da dirección.
  - Concepto visual ou mood board.
  - CV profesional do/a autor/a.
  - Plan de financiamento e estado do financiamento (de existir).
- No caso de incorporar material audiovisual, deberá entregarse mediante ligazóns privadas de visionado (Vimeo ou plataformas similares).
- Terra#LAB promove unha política de paridade, asegurando que, polo menos, o 50 % dos proxectos seleccionados contén con autoría feminina.
- A data límite de presentación da documentación é o **30 de xuño de 2026**.
- O equipo de Novos Cinemas contactará vía correo electrónico coas autoras e autores dos proxectos seleccionados para informar da súa inclusión no programa Terra#LAB.
- As persoas responsables dos proxectos deberán confirmar a súa asistencia nun prazo dunha semana tras recibir a confirmación.

## CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os proxectos seleccionados serán estudados, analizados e asesorados detidamente por catro profesionais de recoñecido prestixio internacional, que valorarán:

- A orixinalidade e calidade artística do proxecto.
- A viabilidade e potencial de desenvolvemento da proposta.
- Propostas con enfoques innovadores e diversidade de perspectivas.

Terán prioridade os proxectos promovidos por cineastas menores de 30 anos, favorecendo o impulso de novas voces no sector.

## CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

- Será obrigatoria a participación do/a director/a do proxecto no laboratorio en caso de selección.
- A organización ofrecerá unha bolsa de viaxe para cada un dos proxectos seleccionados, destinada a cubrir os gastos de desprazamento e aloxamento.
- A organización do festival garantirá a asistencia, sempre que sexa posible, das persoas participantes a todas as actividades programadas durante a celebración do Festival Novos Cinemas, asegurando a súa integración nas dinámicas e oportunidades que ofrece o evento.
- No caso de que algún dos proxectos participantes en Terra#LAB chegue a materializarse, as persoas titulares dos dereitos comprométense a incluír nos títulos de crédito do filme a imaxe de Terra#LAB proporcionada polo equipo do laboratorio.
- A participación en Terra#LAB implica a aceptación destas bases. O equipo organizador resérvase o dereito de introducir modificacións para garantir o bo funcionamento do laboratorio.